

## COMPRA – VENTA

- Véndense cachorros de Border Collie. Tfno.: 676 030 978 – Portomarin (Lugo)
- Véndese esterco de cabra en sacos e 4 cabras. Tfno.: 605 080 015 – Lobios (Ourense)
- Véndense cachorros de mastín. Tfno.: 628937098 – Negueira de Muñiz (Lugo)
- Véndense cachorros de Border Collie. Tfno.: 675 53 82 79 Marta – Ferreira de Pantón (Lugo)
- Véndense cabritas Murciano-Granadina de recría (3-4 meses) Como Cabras S.C.G. – 659 083 339 / 628 474 264 – Castro Caldelas (Ourense)
- Véndense 50 ovelas e 3 machos. Tfno.: 677 15 35 38 (Jose) 675 51 90 63 (Pili) - Maceda (Ourense)
- Búscase traballador para explotación de ovino de leite con experiencia. Tfno.: 609 529 872 – Allariz (Ourense)
- Véndense pacas de herba seca. Tfno.: 655 754 439 San Sadurniño (A Coruña)
- Ofrécese pastor con experiencia. Tfno.: 693 969 209 Roberto (Zamora)
- Véndense 2 carneiros negativos a Paratuberculose e Maedi-visna. Tfno.: 646 228189 Pol (Lugo)
- Véndese rebaño de 172 ovelas Tfno.: 988291312 Chamar de 13:00 a 16:00 horas e a partir das 20:00 horas - Xunqueira de Espadañedo (Ourense)
- Véndense cachorros Border collie. Tfno.: 988 431 343 – 678 035 654 (Fernando).
- Véndense cachorros de Border collie. Entréganse desparasitados, con dúas vacinas, microchip e pedigree. Tfno.: 620 295 920. Correo electrónico: guti290971@gmail.com
- Véndense cachorros de mastíns. Tfno.: 982 212 450 (Lugo)
- Véndense cachorros de mastín de pura raza, fillos de Rois I. Tfno.: 988 443 067 Hostal Trebol (Bande).

## LEXISLACIÓN: IDENTIFICACIÓN E REXISTRO DAS ESPECIES OVINA E CAPRINA

**REAL DECRETO 1486/2009** (BOE Núm. 256, do 23 de outubro de 2009), polo que se modifica o RD 947/2005, polo que se establece un **sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina**.

Actualmente o sistema de identificación consiste nun crotal visual e nun bolo ruminal, con esta nova normativa contempla a posibilidade de permitir o uso doutros dispositivos para a identificación electrónica. Para os ovinos as **autoridades competentes das Comunidades Autónomas** poderán autorizar o uso do crotal electrónico en vez do bolo ruminal e para os caprinos poderase substituír o bolo por alternativas coma o crotal electrónico, o traspondedor inxectable no metatarso dereito ou a marca electrónica (tamén chamada pulseira electrónica) colocada na extremidade posterior dereita. Cando o identificador electrónico non sexa bolo ruminal, incluírase no documento de traslado dos animais o tipo de dispositivo e a súa localización exacta no animal. Non obstante para intercambios intracomunitarios só serán válidos o bolo ruminal e a marca auricular electrónica.

Desde OVICA estaremos atentos para comunicarvos calquera modificación desta normativa en Galicia!!

## EXPOLUGO

Como ben sabedes OVICA participou en **Expolugo 2009** que se celebrou do **2 ó 5 de outubro**, no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo. O **domingo 4 de outubro** tivo lugar unha **charla formativa** sobre enterotoxemias impartida pola **ADSG ACIVO**.

OVICA participou nesta feira multisectorial cun stand e coa presenza de animais.



COVIGA  
evolución na calidade



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 52 OUTUBRO 2009

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congressos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## RAZA: CABRA SANTANDEREANA

Esta cabra chegou a América polos españois, dáse o 27 de xullo de 1.575 como data de chegada da cabra a Santa Marta con Don Rodrigo de Bastidas. Con ela foron outras razas como a Granadina, a Malagueña, a Serrana e posiblemente algunha máis.

Este animal atópase no "Cañón del Chicamocha" situado no Departamento de Santander en Colombia. É unha rexión de clima árido-semidesértico, a temperatura oscila entre 16 e 24 graos e a vexetación predominante son arbustos espiñosos na súa maioría de talla media a pequena.




Foto: Cañón del Chicamocha



Tamaño e peso relativamente baixos (altura media 65 cm nos machos e 60 cm nas femias, peso medio 40 Kg os machos e 35 Kg as femias).

Capa de cores variadas, sendo habituais as cores similares ao terreo da zona. É común que a capa teña tres ou máis cores.

Aplomos correctos, o terreo quebrado no que se atopan non permitiría a adaptación de animais con aplomos defectuosos.

Os animais desta raza teñen unha inclinación de ata 45° nas ancas (onde se xuntan as patas co tronco do animal), algo que noutras razas pode ser un defecto nesta ten importancia porque fai que se potencie a forza no tercio posterior o que lles é de gran axuda a estes animais para levantarse e poder coller alimento de árbores e arbustos.

A reprodución no seu ambiente é extraordinaria xa que as femias entran en celo moi poucos días despois do parto e quedan preñadas de novo asegurando dous partos ao ano.



## FESTA DA TRASHUMANCIA EN MADRID

O 25 de outubro un rebaño dunhas 500 ovelas merinas da "Denominación de Origen Protegida Queso de la Serena" protagonizaron en Madrid a XVI edición da "Fiesta de la Trashumancia" na que se reivindicaron os dereitos de paso, conservación e acondicionamento das cañadas e a preservación dun legado histórico e cultural único no mundo. Os animais chegaron a Madrid en camións xa que o rebaño trashumante tivo que deter a ruta no norte de España debido á sequía.



CAIXA RURAL GALEGA

## ENTREVISTA A...



**Luís Lamas Álvarez. Taramollo, Sofán, Carballo (A Coruña)  
Socio fundador e primeiro presidente de OVICA, desde 1994 ata 2005.**

### ¿Cando e como comeza a túa actividade no sector?

Bueno, eu son "gandeiro consorte" xa que a titular da explotación é a miña muller Lucía. Foi no 89 cando decidimos comezar na actividade e recordo que foron tres as motivacións: primeiro sacar un proveito económico, segundo, aproveitar os recursos forraxeiros da explotación, e terceira pasar do plano oficial ó plano privado as investigacións que se lavaran a cabo no Centro de Investigacións Agrarias de

Mabegondo (CIAM) e que dicían que as cousas funcionaban e a maioría da xente non cría que un proxecto destes funcionara fóra dun centro como é o CIAM e teño que dicir que si, que funcionou.

### ¿Como nace OVICA?

OVICA naceu en gran medida motivado por Mabegondo despois de contactar a nivel individual con xente e solicitar a necesidade de coordinarse, colaborar e asociarse. As primeiras xuntanzas do proxecto OVICA que eran contactos en forma de xornadas técnicas deberon ser polo ano 1.991 entre un grupo de 25-30 persoas, a maioría aínda hoxe están ó pé da asociación. Recordo que xente como Alfredo de Tioira, Pepe de Sabuguido, Pepe de Portomarín, Manuel de Guntín, Juan Veres, Eloi Villada, Josefa de Xinzo, Olegario... xente de Mabegondo como Xabier Cortizo, Koldo Osoro, Gonzalo Flores... (e seguro que me esquezo de xente) foron o xermolo dunha iniciativa que funcionou e serviu para a interrelación, para a evolución, e poder chegar a froitos como son hoxe OVICA, a cooperativa COVIGA e a ADSG ACIVO.

### ¿Porque ou para que ser socio/a de OVICA?

Para saber que é o que se fai, o que se fai ben e o que se fai mal, para non cometer os erros que outros xa teñen experimentado. Para coordinarse e saír todos xuntos adiante, para organizarse para atender un mercado, e para estar informado xa que a información é un elemento clave do éxito de calquera proxecto.

### Fálanos un pouco do sistema de explotación, do manexo

O sistema naceu e segue fundamentado nun criterio básico que é utilizar os recursos naturais propios (a produción forraxeira da explotación) con gando, neste caso ovellas. A clave está en facer coincidir dentro do posible as maiores necesidades dos animais coa maior produción de pasto (en calidade e cantidade). A nosa produción de años está orientada de cara o verán (xuño - setembro) que coincide coa época de maior demanda da zona. Unha desorganización neste sentido implicaría un aumento dos gastos de produción e máis complicacións para a venta. Este plantexamento esixe separación de machos e cubrición controlada.

A produción forraxeira tamén se aproveita para conservación, agora fago ensilado de millo (antes facía ensilado de herba) e herba seca. É complicado facer unha boa herba seca e ten un problema: que canto mellor está feita máis comen! pero mellor alimentadas están.

Na explotación hai uns 30 exemplares de raza ovella galega. En todo o rabaño se orientou a selección cara a tipificación de ovella galega.

Os animais están permanente no pasto menos 15 días antes e despois do parto, que están en parideiras. É moi importante unha atención especial nesta época para evitar as baixas. É esencial que as instalacións estean enxoiadas, con cama seca, o frío non lles afecta a humidade si. Estes días antes e despois do parto suplementase a alimentación das nais con 250 g/animal que ademais como son unhas larpeiras facilita a recollida das ovellas para as parideiras.



Este sistema de produción pasa pola necesidade de dispoñer cercados para que non saian os animais e non entren alimañas. Teño tamén 2 cans mastíns que dan a tranquilidade moral de non estar pensando que entrou o lobo. Cos cans o numero de ataques pasa a ser reducido e os danos mínimos.

Tamén dispoñemos dunha manga de manexo que se emprega para a separación de animais, tratamentos sanitarios, identificación... deste xeito non se estresan os animais nin a xente.

### ¿Como comercializas?

Teño un compromiso cun carniceiro da zona que me saca toda a produción a un prezo fixo por Kg Canal que se acorda a principio de ano. Véndense os años con 8,5 – 9 Kg canal que acadan aprox. con 2 meses e medio de vida. A alimentación dos años está baseada en lactancia natural e pastoreo sen suplementación.

### ¿Que factores cres que che limitan ou poden limitar a produción?

Unha segunda actividade á que me dedico a tempo completo. Isto levou a que a explotación estivo un pouco deixada. Estase tratando de reconducir coa axuda dunha persoa asalariada. Conto que en dous anos o rabaño estará regularizado en tamaño en base a recría da propia explotación (para evitar problemas). Nesta situación outro limitante é o económico xa que esta reactivación da explotación está supoñendo unha inversión.

### ¿Como ves o futuro do sector, que problemáticas cres que lle afectan?

Por un lado o desánimo e o medo de ataques de alimañas. Con todo o custosos que son os métodos de prevención non son eficaces ó 100%, pero o problema non é tanto o prexuízo económico que ocasiona como a desmoralización que provoca ós que estamos na actividade e tamén ós que poderían estar. Penso que debería haber unha resposta por parte da administración como velador dun medio ambiente sostible, sostible tamén co gando e cos gandeiros. É necesario pagar o traballo medioambiental dos rabaños. A filosofía das liñas medioambientais é válida pero obrigan a ser máis burócrata que gandeiro, mantendo o mesmo obxectivo e fundamento actual que fagan ó gandeiro menos comprometido coa xestión e que substitúan esa burocracia polos controis e visitas que consideren necesarias á explotación.

A vantaxe que vexo da actividade no sector é a demanda que hai de produto de calidade producido de xeito natural. É moi importante a cercanía produtor - consumidor, hai que ser capaz de achegarse o máximo posible ó consumidor que permite non ter problema co prezo.

### Reflexión final

Hai que animar á xente, a nivel individual. É necesario aproveitar os recursos naturais con gando para facelo país máis limpo, que o territorio, o monte sexa vivo para que todos poidan disfrutar del. Deixalo abandonar sería unha soberbia.

Quero deixar mostra do recoñecemento e agradecemento a todos os que puxeron as primeiras pedras, queda moito por facer pero tamén se fixo moito. Tamén merece mención o traballo de todo o equipo técnico que formou e forma parte de OVICA, foi un acerto depositar nel o traballo e a confianza, non sería posible a dedicación que necesitaba o sector sen esa descarga de traballo nos técnicos, que permitiu dotar ó sector de ferramentas desde o punto de vista técnico e sanitario.

## SANIDADE: ECTIMA CONTAXIOSO

(dermatite pustular contaxiosa, estomatite pustular contaxiosa)

**INTRODUCCIÓN:** O ectima contaxioso é unha enfermidade de orixe viral, que afecta a ovinos e caprinos; aínda que en condicións particulares poden presentarse lesións no home, que aínda que parece ser relativamente resistente á enfermidade pode aparecer en persoas que traballan con animais enfermos ou en produtos contaminados. A enfermidade preséntase en todo o mundo.

**ETIOLOXÍA:** producido por un virus da familia Poxviridae, do xénero parapoxvirus.

**SÍNTOMAS E LESIÓNS:** as lesións máis frecuente danse nos bordes mucocutáneos da cara (beizos) e na boca dos cordeiros e cabritos, pero tamén aparecen nos pezóns (nai), rodete coronario (unión entre pezuño e pata), xenitais e máis raramente de forma xeral estendida por toda a pel.



A enfermidade aínda que é benigna nun principio xa que ten baixa mortalidade (menos do 5%), ten unha elevada morbilidade (é dicir pode afectar ata o 100% dos animais), e a súa presenza no rabaño pode producir moitas e importantes perdas económicas. Isto é debido a que na forma facial e oral os animais reducen a súa inxesta incluso deixando de mamar, podendo aparecer mortes por inanición. As lesións podais ademais de deixalo animal coxo, pode xerar casos de pederro. A forma mamaria pode provocar mamite.

**TRANSMISIÓN:** o virus é sumamente resistente a condicións do medio ambiente, polo que sobrevive e aguanta moito tempo (máis dun ano), aínda que elevadas temperaturas e pH extremos poden reduci-lo. A transmisión (aínda que faltan estudos suficientes) é unha transmisión directa a partir das costras que caen dos animais e que contaminan cama, ferramentas, auga...

**TRATAMENTO:** como é unha enfermidade viral non existe tratamento específico. Os tratamentos que se fan van encamiñados a controlar as infeccións secundarias. É habitual o tratamento con solucións iodadas ou sprays antibióticos e, se está moi grave, con algún antibiótico sistémico.

**PREVENCIÓN:** vacinación en rabaños nos que se deu a enfermidade. Dependendo da prevalencia pode facerse cada 6 meses ou anual.



Para calquera dúbida ou explicación máis profunda contacta co teu veterinario/a da ADSG ACIVO.